



MARTES, 18 DE XUÑO DE 2024 MARTES, 18 DE JUNIO DE 2024 | BOP NÚMERO 117

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

*Resolución de desistencia de proceso selectivo. Praza de arquitecto/a (persoal funcionario de carreira)*

##### ANUNCIO

**Expediente núm. 2021/E001/000003  
2024/G003/001122**

No procedemento de referencia o concelleiro-delegado de Área ditou o Decreto núm. 1077/2024, do 12 de xuño, que literalmente, di:

**"DECRETO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN ECONÓMICA, PLANIFICACIÓN URBANA, SERVIZOS Á VECIÑANZA E RECURSOS HUMANOS**

##### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.** A Xunta de Goberno Local (XGL), en sesión extraordinaria que tivo lugar o 13/12/2020 aprobou a oferta de emprego público correspondente ao ano 2020 (OEP 2020) na que se incluíron as seguintes prazas:

##### 1. QUENDA LIBRE

Persoal funcionario:

- Núm. de prazas: unha (1)
- Denominación: arquitecto/a
- Escala: administración especial
- Subescala: técnica
- Clase: técnicos superiores
- Grupo: A. Subgrupo: A1

**2. QUENDA LIBRE OU QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL** (artigo 35.4 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

Persoal funcionario:

- Núm. de prazas: unha (1)
- Denominación: policía
- Escala: administración especial
- Subescala: servizos especiais
- Clase: policía local e os seus auxiliares
- Escala segundo o artigo 24.2 da Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policías locais: básica
- Grupo C. Subgrupo: C1

O anuncio da OEP 2020 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 223, do 29/12/2020, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP).

**Segundo.** A praza de arquitecto foi convocada oportunamente, mediante oposición libre, tramitándose para o efecto o expediente núm. 2021/E001/000003, cuxo último trámite foi a aprobación, mediante a Resolución núm. 1763/2021, do 21 de outubro, da relación definitiva das persoas aspirantes admitidas e das excluídas e a determinación da composición do tribunal. Pola contra, non se fixou o lugar, día e hora de constitución do órgano de selección nin de realización do primeiro exercicio da oposición.

Esta resolución foi publicada no BOP núm. 204, do 21/10/2021.

**Terceiro.** A praza de policía, reservada á quenda de mobilidade, foi convocada en prazo, tramitándose para o efecto o procedemento núm. 2022/E001/000011.

Este expediente concluí coa declaración de deserta da praza convocada -Decreto núm. 1805/2023, do 14 de agosto, publicado no BOP núm. 158, do 21/08/2023- xa que os dous aspirantes presentados non cumprían cos requisitos esixidos para tomar parte no proceso selectivo pola quenda de mobilidade.

Esta praza foi incluída na oferta de emprego público de 2023 (OEP 2023), publicada no BOP núm. 209, do 02/11/2023, xunto con outra vacante da mesma categoría. Estas prazas están pendentes de convocar.

Cuarto. No expediente obra un informe do técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento, que leva data do 10/06/2024.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O informe xurídico do funcionario TAX, de data 10/06/2024, nos seus apartados II e III, sinala:

#### “II. CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

**Primeira.** O artigo 70 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (o destacado en negra é noso), reza así:

#### **“Artículo 70. Oferta de empleo público.**

*1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.*

*2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.*

*3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”*

Pola súa vez o artigo 48.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), prescribe o seguinte:

*“4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.”*

**Segunda.** Respecto da vixencia das ofertas de emprego público (OEP), o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP), no seu artigo 70.1 impón ás administracións públicas a obriga de realizar os correspondentes procesos selectivos para prover as prazas incluídas nas OEP e coa finalidade de evitar que se eternice a súa execución, establecese que a propia oferta fixe un plazo máximo para a convocatoria dos procesos selectivos sinalando que, en todo caso, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberá desenvolverse no plazo improrrogable de tres anos.

Son numerosas as sentenzas que indican que o transcurso do plazo de tres anos establecido no artigo 70.1do TRLEBEP sen que se desenvolla a OEP produce a súa extinción automática, e esta invalidez esténdese e afecta a todo o proceso selectivo -desde a convocatoria até a resolución- executado ao abeiro dunha oferta que quedou sen efecto de forma automática, sen necesidade dunha declaración expresa. Neste sentido, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza (TSX) de Galicia núm. 5517/2014, do 5 de xuño, e a sentenza do 11 de novembro de 2015, do TSX de Madrid, recaída no recurso núm. 856/2014.

Así mesmo, a sentenza do Tribunal Supremo do 10 de decembro de 2018 (rec. 129/2016), chega a idéntica conclusión, sinalando:

*“Considerando asimismo que dicho plazo de tres años es esencial e improrrogable, por lo que la inejecución de los procesos selectivos dentro de ese plazo determinará si invalidez y, además, se deja claro que este precepto es de aplicación a las ofertas de empleo público anteriores a la entrada en vigor del EBEP.”*

Ademais cómpre sinalar que é doutrina reiterada dos tribunais de que a execución á que se refire o artigo 70.1 do TRLEBEP fai referencia non só á convocatoria dos procesos selectivos senón tamén á súa culminación, de forma que a obriga por parte das administracións públicas é de executar as súas ofertas de emprego e non só realizar a súa convocatoria, e todo iso dentro do plazo de tres anos desde a súa aprobación e publicación, computados de data a data.

Esta interpretación é coherente coas limitacións establecidas á permanencia do persoal funcionario interino por vacante no artigo 10 do TRLEBEP.

No tocante ao cómputo dos tres anos, e posto que o indicado precepto non especifica nada ao respecto, cómpre acudir ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), que no seu artigo 30.4, sinala:

*"4. Si el plazo se fija en meses o años, éstos se computarán a partir del día siguiente a aquel en que tenga lugar la notificación o publicación del acto de que se trate, o desde el siguiente a aquel en que se produzca la estimación o desestimación por silencio administrativo.*

*El plazo concluirá el mismo día en que se produjo la notificación, publicación o silencio administrativo en el mes o el año de vencimiento. Si en el mes de vencimiento no hubiera día equivalente a aquel en que comienza el cómputo, se entenderá que el plazo expira el último día del mes."*

Por esta razón a oferta da praza de arquitecto/a caducou o 29/12/2023, ao cumprirse os tres anos.

**Terceira. A caducidade automática** da oferta de emprego público de 2020, no relativo á **praza de arquitecto/a (caducidade parcial)**, obriga a **desistir** do proceso selectivo cuxa convocatoria está en trámite.

O artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) recolle a posibilidade, xa admitida previamente pola xurisprudencia, da desistencia da Administración nun procedemento administrativo iniciado de oficio, nestes termos:

*"Artículo 93. Desestimiento por la Administración.*

*En los procedimientos iniciados de oficio, la Administración podrá desistir, motivadamente, en los supuestos y con los requisitos previstos en las Leyes."*

Até esta regulación a posibilidade de que a Administración puidera desistir de continuar coa tramitación de procedementos iniciados de oficio xurdía da interpretación xurisprudencial. O Tribunal Supremo (TS) na Sentenza da súa Sala 3ª do 11/07/1990 sinalaba que *"este Tribunal (sentencias de 6 de febreiro de 1985, 18 de outubro de 1986 y 23 de junio de 1987) ha admitido la posibilidad de que la Administración desista de un procedimiento iniciado de oficio por ella, pues aunque ciertamente la Ley de Procedimiento Administrativo contempla únicamente el supuesto del desistimiento del interesado, ello no impide que pueda darse también válidamente un desestimiento llevado a cabo por decisión de la Administración cuando llegue al convencimiento de la falta de base de las actuaciones de que se trate."*

A Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sede de Málaga) contén a mesma doutrina que a do TS, sinalando, ademais, o seguinte:

*"Sin embargo, debe advertirse que la posición del interesado que formula el desistimiento y la de la Administración (en el mismo caso) no es idéntica, puesto que en el caso del interesado el desistimiento tiene que ser admitido como un acto de la autonomía de la voluntad y, por tanto, aceptado por la Administración; mientras que en el caso de que sea esta quien desista de un procedimiento iniciado de oficio, deberá justificar el porqué, de modo que se aclare cualquier atisbo de arbitrariedad y se garantice que la actuación administrativa está enfocada a la obtención del interés general. Esta exigencia la recoge hoy en día la Ley 39/2015 cuando exige la motivación en los supuestos de desistimiento. En esta motivación, la administración deberá exponer las razones que la hayan decidido a finalizar un procedimiento que ha iniciado de oficio. Decía la Resolución 351/2015 del Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía con respecto a la motivación que "el desistimiento, como potestad discrecional de la Administración, está limitado, como todas las de tal clase, por la norma general imperativa por la cual dicha potestad debe cumplir los fines que le son propios al servicio del bien común y del ordenamiento jurídico, y siempre basándose en los principios de racionalidad y proporcionalidad. Así lo ha puesto de manifiesto en su jurisprudencia el Tribunal Supremo en reiteradas ocasiones (Sentencias del 16 de abril 1999, RJ 1999/4362 de 23 de junio de 2003, RJ 4413, o Sentencia de 21 septiembre 2006 RJ 2006/6437, entre otras muchas)."*

O inciso "nos supostos e cos requisitos previstos nas leis" pode introducir confusión. Porén, xa sabemos que a desistencia non estaba recollida expresamente para o procedemento administrativo común, pero si noutras normas especiais, como na lexislación de contratos, que esixen unhas determinadas condicións e requisitos para poder desistir. Cómpre interpretar que, cando a lei que regula o procedemento común se refire aos supostos e requisitos previstos nas leis, alude a estas normas especiais, cuxos preceptos relativos á desistencia da administración deben seguir cumpríndose, e non debe entenderse que se esixa sempre e en todo caso unha previa habilitación legal nos supostos ordinarios, xa que iso suporía a imposibilidade de aplicar esta norma contida na Lei 39/2015. Ademais, non tería sentido recoller nunha norma xeral a posibilidade de que a administración puidera desistir nos procedementos iniciados de oficio só nos casos previstos noutras leis, cando isto xa ocorría, con fundamento nas sucesivas leis de contratos das administracións públicas, sen necesidade de que se expresase esa posibilidade na normativa sobre o procedemento administrativo común.

O artigo 93 da LPACAP esixe que o acto, que ten a natureza de discrecional, estea suficientemente motivado.

A motivación, ten o seu fundamento na esixencia legal para a administración de servir con obxectividade os intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia e sometemento á lei e a o dereito que deben orientar a súa actuación (artigo 103.1 da Constitución).

Como se indicou anteriormente, a desistencia do proceso selectivo para a provisión da praza en cuestión é secuela inescusable ou corolario obrigado da caducidade (parcial) da OEP 2020.

**Cuarta.** As persoas aspirantes teñen dereito a que se lle reintegre a taxa por participación no proceso selectivo, tal e como establece o artigo 26.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2024, do 5 de marzo, que indica:

*"3. Cuando por causas no imputables al sujeto pasivo, el servicio público, la actividad administrativa o el derecho a la utilización o aprovechamiento del dominio público no se preste o desarrolle, procederá la devolución del importe correspondiente."*

**Quinta.** Procede desbotar á posibilidade de que o concello puidese incorrer en responsabilidade patrimonial (artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público), xa que as persoas aspirantes gozan dunha mera expectativa, pero non dun dereito, como sinalan as sentenzas núm. 181/2009, do 12 de marzo, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza (TSX) do País Vasco, e a núm. 78/2010, do 15 de abril, do TSX de Madrid.

A resolución que se adopte debe publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios electrónico (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion>) regulado no artigo 13 do Regulamento da administración electrónica municipal, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm. 44, do 08/03/2021, e na páxina web do concello.

**Sexta.** A atribución para ditar a presente resolución corresponde á Alcaldía en virtude do disposto no artigo 21.1, letras a), g), h) e s), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero a través do Decreto núm. 1529/20123, do 5 de xullo (BOP núm. 133, do 13707/2023), foi obxecto de delegación no concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos.

### III. CONCLUSIÓNS

a) Procede apreciar a **caducidade automática da oferta de emprego público de 2020**, no que atinxo á **praza de arquitecto/a (caducidade parcial da OEP 2020)**, polo transcurso do prazo máximo legal para a súa execución.

b) Como consecuencia da caducidade procede **desistir do procedemento selectivo tramitado co núm. de expediente 2021/E001/000003**.

c) A resolución, que debe ser ditada polo concelleiro-delegada de Área, precisa ser publicada no BOP no taboleiro electrónico da do concello e na páxina web municipal.”

Por todo o anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. **Apreciar a existencia de caducidade da oferta de emprego público de 2020 (OEP 2020)**, respecto da seguinte praza de funcionario de carreira:

- Denominación: arquitecto/a
- Escala: administración especial
- Subescala: técnica
- Clase: técnicos superiores
- Grupo: A. Subgrupo: A1

2. **Desistir** do procedemento selectivo para a provisión da indicada praza de arquitecto/a (expediente 2021(E001/000003) como consecuencia da indicada **caducidade parcial** da OEP 2020.

3. Proceder á devolución da taxa pola participación no proceso selectivo ás persoas aspirantes nos termos que correspondan.

4. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se produzca a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa,

podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente."

As Pontes de García Rodríguez, 12 de xuño de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2024/4201